

## DÍA MUNDIAL DOS HUMEDAIS: Os humidais e a biodiversidade

O alumnado de 4º ESO de Bioloxía, acompañado pola profesora Susi Besteiro, saíu á Ría de Ribadeo un ano máis para conmemorar o Día Mundial dos Humidais, que se celebra cada 2 de febreiro co obxectivo de visibilizar e crear conciencia acerca da importancia destes ecosistemas para a humanidade.

O lema deste ano foi “**Os humidais e a biodiversidade**” xa que o 40% das especies vexetais e animais do planeta viven ou reproducense nas zonas húmidas e resulta que a perda de biodiversidade é un feito constatado cientificamente e estímase que o 25% das especies destes ecosistemas están ameazadas de extinción.

Foi unha mañá moi agradable na que dende distintos puntos fomos observando as principais aves invernantes: limícolas como correlimos e zarapitos, zancudas como garza real, garcetas e espátulas; nadadoras como pato asubión, pato rabudo, alavanco real, cormoráns ou gaivota chorona e tampouco faltou á cita unha das tres aguias reais que invernán aquí os últimos anos e que estaba no pousadoiro descansando.

Tamén nos fixamos nos grandes grupos de vexetación que se distribúen ó longo da Ría segundo a salinidade que soportan: pradeiras mergulladas de Herba do mar, xuncais e canaveirais.

En definitiva, unha clase distinta para darlle a coñecer á alumnado o noso patrimonio natural e concienciar sobre a importancia de axudar a frear a perda de biodiversidade porque aínda que podemos observar un bo número de especies, A Nosa Ría, tampouco se libra do problema e de feito os datos dos censos rexistrados en xaneiro son chamativos polo importante descenso de aves invernantes. Tan só fixándonos nas dúas especies ás que se debe que a Ría sexa Zona ZEPA (Zona de especial protección para as aves), é triste corroborar que de pato rabudo (*Anas acuta*) obtívose a cifra máis baixa dende que existen rexistros, e de pato asubión (*Anas penelope*) hai case a metade de exemplares ca nos últimos tres anos... É certo que os datos dos censos hai que analizalos a medio prazo, pero nos últimos anos a tendencia é á baixa igual que noutros humidais peninsulares.

Polo tanto, quizás debamos preguntarnos: como podemos axudar a frear esta perda de biodiversidade xeralizada? Pois está claro, **restaurando, conservando e utilizando racionalmente estes ecosistemas!**

Susi Besteiro

Xefa de Dpto de Bioloxía do IES de Ribadeo Dionisio Gamallo